

**ACTA N.º 10/2013  
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE  
SETEMBRO DE 2013**

**ORDE DO DÍA**

**PRONUNCIAMENTO SOBRE A INCLUSIÓN NO DOCUMENTO DO PLAN DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
(PXOM) DO VIAL A XUNQUEIRA - SAIÁNS**

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde  
- D. José Álvarez Valverde  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández  
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

**Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 26 de setembro de 2013.

- *Lugar de celebración*: Salón de Actos do Edificio Administrativo anexo á Casa Consistorial, ao estar ocupado o salón de sesións cos paneis da exposición pública do Plan Xeral.
- *Carácter da sesión*: extraordinaria, a petición do grupo municipal Socialista.
- *Convocatoria*: primeira.
- *Hora de comezo*: 12:09
- *Hora de remate*: 13:46
- *Número legal de membros da Corporación*: 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución*: 17

**Incidencias:**

- Alteracións no *quórum* de asistencia *durante a sesión*: Non se rexistran.
- Outras incidencias: Iniciada a sesión, interrúmpese durante quince minutos para retirar uns tabiques móbiles que dificultaban o seguimento da sesión a unha parte do público aistente.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se tratou o asunto que seguidamente se describe, respecto do que se adoptou o acordo que se fai constar:

**PRONUNCIAMENTO SOBRE A INCLUSIÓN NO DOCUMENTO DO PLAN DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO VIAL A XUNQUEIRA - SAIÁNS**

O seis membros do Grupo Municipal Socialista, mediante escrito rexistrado o 14 de setembro de 2013 (nº 11.946), solicitaron a convocatoria desta sesión extraordinaria do Pleno para tratar o asunto de referencia.

---

O referido escrito di o seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 21 de agosto de 2008 o Grupo Municipal Popular do concello de Nigrán remitiu á Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Transportes de la Xunta de Galicia, alegacións ao "Plan Viario Integral. Vigo Integra".

Alberto Valverde como representante do PP e portavoz do seu grupo na oposición no goberno de Nigrán indicaba en agosto de 2008: "Desde el Grupo Municipal Popular hemos estimado necesaria la presentación de estas alegaciones al considerar que existen una serie de irregularidades en este plan sectorial en cuanto a las actuaciones que sobre nuestro

municipio se proyectan".

Entre as alegacións presentadas polo actual alcalde estaban as seguintes:

*"La memoria del Plan Viario Integral Área de Vigo define el tramo Balsa - Saiáns - Porto do Molle, como una autovía urbana con 2 calzadas de 7 metros de ancho con 2 carriles de 3,50 metros, arcenes exteriores de 2,50 metros y arcenes interiores de 1,50 metros. Esta autovía urbana no soluciona los problemas actuales internos y de interconexión con los ayuntamientos limítrofes del Val Miñor por su limitada accesibilidad a esta vía a su paso por nuestro municipio. La solución de estos problemas de intercomunicación especialmente con los ayuntamientos que componen el Val Miñor, parten de la liberalización del peaje de la AG 57N, para establecer una auténtica circunvalación, libre de peaje, entre los municipios de Nigrán, Gondomar y Baiona"*

*"El tramo Balsa - Saiáns - Porto do Molle se establece como un vial que da salida al parque empresarial de Porto do Molle con acceso a la AGN 57 a través de una rotonda. Esto provocará, por un lado, la saturación de dicha rotonda por la acumulación de tráfico al ser confluencia de la AG 57N y este vial; y en segundo lugar, una gran acumulación en este mismo vial de tráfico pesado con origen y destino el parque empresarial.*

*La saturación del vial se verá potenciada por la no utilización de la AG57N, cuyo uso se verá considerablemente reducido"*

*"El tramo Balsa - Saiáns - Porto do Molle supone una división física real de las parroquias de Priegue y de Nigrán, y por tanto, del municipio de Nigrán. Esta división se acentúa con las importantes limitaciones de accesibilidad al vial"*

O Partido Socialista tamén presentou no ano 2008 alegacións ao "Plan Viario Integral. Vigo Integra" rexeitando de xeito categórico e contundente o vial que racharía Nigrán de norte a sur.

O 20 de xullo de 2010 e con rexistro de entrada n.º 9831 o grupo municipal do PP (en aqueles momentos na oposición), presentou un escrito no que manifestaban:

*"El Grupo Municipal Popular, al amparo de lo dispuesto en los artículos 46.1 y 46.2 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales presenta la siguiente PROPUESTA DE CELEBRACIÓN DE PLENO EXTRAORDINARIO en la forma y plazos establecidos por la normativa aplicable, en base a la siguiente*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*La Comisión Informativa de Urbanismo del 20 de Julio de 2010 previa al Pleno a*

*celebrar el día 28 del mismo, incluye dentro del orden del día como punto 2.- Análisis de las propuestas del Consello Sectorial del PGOM.*

*Considerando el volumen de sugerencias planteadas por el Consello Sectorial para su debate y votación por parte de los miembros de la corporación y, dada la trascendencia, importancia, repercusión y alcance en el futuro desarrollo de nuestro municipio del sentido de las votaciones, se hace necesario un análisis y debate pausado, participativo y fundamentado de cada una de esas sugerencias. Esta premisa no es posible se cumpla si se incluye como un punto más en el orden del día del pleno ordinario del presente mes.*

*El Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Nigrán en base a lo expuesto anteriormente solicita la CELEBRACIÓN de PLENO EXTRAORDINARIO con un único punto en el orden del día:*

*1.- Análisis das propostas do Consello Sectorial do PXOM"*

Ese Pleno extraordinario levaríase a cabo o 29 de xullo de ese ano 2010 e en el debatéronse 45 propostas realizadas polo Consello Sectorial para o PXOM durante dous anos de traballo.

O portavoz do Partido Popular en aquel momento declarou, e así consta na acta de ese pleno extraordinario que "o Concello debe prestar atención ás propostas do Consello Sectorial e non ter medo a debater, e así se fixo nun pleno no estiveron presentes os sete concelleiros do Partido Socialista no goberno e os cinco concelleiros do PP na oposición.

Todas e cada unha das propostas presentadas no pleno polo Consello Sectorial foron aprobadas por unanimidade de todos os concelleiros/as presentes.

A primeira das propostas, repetimos aprobadas por unanimidade, foi a seguinte:

*Suxestión 1. Que todas las propuestas relativas a resolver problemas de movilidad, especialmente aquellas que impliquen definición de vías e infraestructuras, se apoyen en un estudio de movilidad sostenible. También se manifiesta que ya se han solicitado copia de los datos del Plan de Movilidad MOVE referentes al Municipio de Nigrán, para no tener que realizar un Estudio de Movilidad centrado en el Municipio de Nigrán.*

*Proposta. Se propone tener en cuenta esta solicitud debiendo considerarse por parte del concello la necesidad de redacción de un Estudio de Movilidad Sostenible en el Municipio de Nigrán*

*Acordo. Co voto favorable dos 12 concelleiros/as presentes, dos grupos Socialista e Popular, aprobase a proposta.*

A terceira das suxestións foi a seguinte

*Suxestión 3. Se expone el rechazo al vial de alta capacidad denominado Balsa-Saiáns-Porto do Molle por considerar que las necesidades de comunicación del Polígono Porto do Molle se deben basar en la utilización de la autopista AG-57. También se manifiesta que no se aceptará ninguna propuesta de red viaria en tanto que no se sustente en un estudio de movilidad.*

*Proposta. Se tendrá en cuenta, al igual que en la solicitud número 1, la necesidad de contar con un estudio de movilidad para cualquier propuesta viaria.*

*Acordo. Co voto favorable dos 12 Concelleiros presentes, dos grupos Socialista e Popular, apróbase a proposta.*

O que non cabe a menor dúbida é que Partido Popular e Partido Socialista levan, dende que se ten plantexado ese vial A Xunqueira/Priegue por parte da Xunta de Galicia, a súa oposición frontal ao mesmo.

Curiosamente o Documento de Aprobación Inicial do PXOM que foi aprobado en Pleno Extraordinario o pasado mes de xuño e publicado no DOGA o 4 de xullo de 2013 reflexa un vial que atravesa Nigrán de norte a sur, da Xunqueira ata Priegue cun perfil de 24 metros, de catro carrís e cunha afección de ata 80 metros.

En ese Pleno Extraordinario o Partido Socialista presentou unha serie de propostas co fin de apoiar o PXOM do Partido Popular pero as mesmas foron rexeitadas por Alberto Valverde. A primeira das mesmas dicía:

*1. Retirada do Documento para a Aprobación Inicial do PXOM do Vial dende A Xunqueira a Priegue que asemade de rachar Nigrán en dúas partes afecta a centos de terreos e vivendas e que no propio documento nomea como "vial de gran capacidade cunha expropiación de 30 metros e firme de dous, tres e catro carrís"*

Como queira que esta petición de retirada do vial la incluída nunha serie de propostas creemos que podería ser o motivo polo que o Partido Popular a rexeitara xa que sempre foi contrario a esta infraestrutura e en propias palabras do agora Alcalde "supone una división física real de las parroquias de Priegue y de Nigrán, y por tanto, del municipio de Nigrán".

Trátase polo tanto dun grave problema para os centos de veciños e veciñas afectados tanto en propiedades como en vivendas e trátase dun grave problema para o noso municipio que verase fragmentado por unha infraestrutura innecesaria e polo tanto, como representantes da cidadanía, debemos debater e seguir tomando decisións claras e contundentes ante calquera administración que no lo queira impor, tal como se fixo por parte do PSOE e do PP ante o Vigo Íntegra.

A urxencia é polo tanto evidente, un grave problema sobre o que cumpre tomar decisións de xeito urxente e máis tendo en conta que o período de alegacións remata o 3 de outubro polo que o debate e as posicións políticas deben producirse xa e de xeito contundente.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Rexeitamento por parte da corporación municipal da inclusión no Documento de Plan de Ordenación Municipal (PXOM) de Nigrán do vial A Xunqueira - Saiáns.
- 2.- Comunicar ao equipo redactor do PXOM a decisión plenaria para que proceda a dar cumprimento á mesma.
- 3.- Comunicar á Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do rexeitamento por parte do Pleno do Concello de Nigrán a inclusión de dito vial no documento do PXOM.

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Explica por que piden este Pleno. O PSOE fixo unhas propostas que foron rexeitadas polo goberno do PP. A primeira era a retirada deste vial. Pensaban que debía debaterse antes do remate do período de alegacións. Unha vía deste impacto ten que ser cuestionada por quen debe defender os intereses veciñais. Rachará propiedades e vivendas de persoas de Nigrán. Non vale dicir que é unha afección que pode levar a unha expropiación. Esas propiedades están afectadas por unha vía de alta capacidade. E os donos están moi preocupados. O PSOE alegrouse de que o Alcalde dixese que se podía reconsiderar o mantemento do vial. A preocupación do PSOE é que todos entendan que outro Nigrán é posible sen esa vía. A proposta é clara (dálle lectura). Se conseguimos isto gañaremos moito. Propón un cambio na redacción. Debe formularse unha proposta de ordenación nova, de cara á aprobación provisional.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Remítese ás suxestións do Consello Sectorial e que subscribe ao 100%. Xa se fai referencia a dúas delas no escrito do PSOE. O estudo de mobilidade é un presuposto esencial para determinar as necesidades. O feito de contemplar ou non esta vía débese basear en datos obxectivos. O estudo de mobilidade non se encargou nin se fixo. O Consello Sectorial suxeriu tamén mellorar as comunicacións internas. Apréciase ese déficit que non se resolve con esta vía. O vial foi rexeitado polo Consello, que deriva a solución á liberación da autoestrada. A autovía agrava o problema interno separando partes do Concello. O primeiro investimento debería ser para liberar de peaxe a autoestrada. Manféstase en contra do vial estruturante sen previo estudo que axude a fundamentar a decisión.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Pode ser acertado que o goberno mude de

postura. Hai outros problemas adicionais no Plan. Este vial ten como antecedente outro previsto nun anterior proxecto de Plan da época do PSOE. O concello de Vigo preveu no seu día un vial que remataba no límite de Nigrán. A oposición en Vigo foi intensa e suprimiuse no seu planeamento. Isto fai decaer a lóxica de que continúe en Nigrán. Ademais as autoestradas fanse aínda que os plans non as contemplan. O Plan Vigo Íntegra publicado para alegacións en 2008 prevía aquí un vial de alta capacidade. O goberno da Xunta parecía empeñado en que se fixese. No Pleno de 29-7-2010, o PP e o PSOE aceptaron as propostas do Consello Sectorial, pero parece que só se buscaba contentar á xente. Segue sen preocuparse ninguén de facer o estudo de mobilidade. A desaparición da raia non resolve completamente o problema. O Plan non é minimamente aceptable, entre outras razóns pola súa falta de viabilidade. O equipo redactor parece incapaz de seguir co Plan. Poderíamos estar diante dun novo intento fracasado. Nigrán non disporá dun Plan nos próximos quince anos se isto segue así.

*D. Ignacio Vilas González, concelleiro non adscrito:* Pensa que non se debe retirar o vial se queremos que Nigrán medre. Ten que haber vías de comunicación suficientes. Esa tamén é unha comunicación interna, xa que hai enlaces con distintas rúas. Non está de acordo con que afecta a vivendas. Se así fose, pódese alegar e corrixir. Non se poden querer mais vivendas e rexeitar viais.

*Sr. Alcalde-Presidente:* No 2008 aprobouse o Vigo Integra (PSOE e BNG na Xunta), cun vial de alta capacidade en Nigrán, dirección Norte-Sur, sen accesibilidade desde a rede interior. Con bo criterio, o anterior Alcalde do PSOE de Nigrán mostrouse en desacordo coa Consellería. O acordo era que fose o Concello no Plan o que definise o trazado. O actual goberno encontrouse cun documento de abril de 2011 onde o se contemplaba o vial. O goberno actual di que o vial non pode ser autoestrada, autovía nin vía de alta capacidade e que non se tira ningunha vivenda. Se no plan hai algunha vivenda afectada por esa reserva é un erro. O único que se fixo foi cumprir un compromiso que o anterior goberno tiña coa anterior Xunta. O que fai o Plan é propor un posible trazado dunha reserva de solo para 11 metros de calzada, un metro de beiravías, cun total resultante de 13 metros. Pero a reserva está mal definida ao non debuxarse á escala. Nunca defenderá que sexa autoestrada, autovía ou vía de alta capacidade. A idea é que cando se defina o proxecto sexa unha vía urbana. Están dispostos ao que faga falta polo ben deste municipio. A cuestión é resolver o problema coa Xunta, tendo en conta as novas circunstancias, que implican serias dificultades para levar isto adiante. Por iso están dispostos a retiralo na aprobación provisional do Plan, pero rexeitan a forma na que o PSOE o formula, tratando de arrancar votos baseándose no medo. O Alcalde e o equipo de goberno traballará para que na aprobación provisional do Plan Xeral a reserva non apareza. E comprométese a que efectivamente non apareza nesa aprobación.

*Sr. González Pérez:* Este Pleno pediuno o PSOE respondendo á demanda veciñal. O único que buscan é que se elimine do Plan este vial. Por chegar a un acordo retira da proposta todo o que poida ferir ao goberno.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O Vigo Integra definíao como autovía urbana e foi aprobado nun Consello da Xunta no que se sentaban PSOE e BNG. O Plan Move da Xunta do PP séguese

mantendo. Pregunta se a Xunta ten algo máis detallado sobre o particular. O BNG presentou unha iniciativa no Parlamento para saber o que pretende a Xunta.

*Sr. Fernández Comesaña:* Parece que o propoñente retira a exposición de motivos da proposta. Considera que se debe rexeitar unha vía de alta capacidade. O que non é incompatible con mellorar as comunicacións do interior, necesarias para que este poida desenvolverse. Por outra parte, a cartografía do Plan está desfasada e por iso non se sabe cales son as afeccións reais. E segue faltando o plan de mobilidade. Apoiará a proposta.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Entende que se modifica a proposta, incluído o cambio de redacción do apartado segundo. Do que se trata é de que na aprobación provisional non apareza unha vía coma esta.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, Mixto e concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, retirada a exposición de motivos da proposta e dándolle nova redacción ao punto 2 da parte dispositiva da mesma, acorda o seguinte:

- 1.- Rexeitamento por parte da corporación municipal da inclusión no Documento de Plan de Ordenación Municipal (PXOM) de Nigrán do vial A Xunqueira - Saiáns.
- 2.- Encargar ao equipo redactor que elabore unha proposta que contemple a eliminación do referido vial, que, previa a correspondente tramitación, se someterá á decisión do Pleno con ocasión da aprobación provisional do Plan.
- 3.- Comunicar á Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do rexeitamento por parte do Pleno do Concello de Nigrán a inclusión de dito vial no documento do PXOM.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.